

COUSAS QUE PASAN NA ESTRADA

TES QUE SABELO!

AMPLIAR A ALAMEDA NON É UNHA PRIORIDADE

PÁXINA 2 >

ORZAMENTOS 2017: AS PROPOSTAS DO BNG

PÁXINA 4 >



ANO 1 - NÚMERO 5
MAIO 2017

Editado polo Grupo Municipal
do BNG

Rúa Leicures, 14-1º

36680 A Estrada

aestrada@bng.gal

618790646

bngdaestrada.wordpress.com

twitter.com/bngaestrada

facebook.com/bngdaestrada



XOSÉ MAGARIÑOS: "LÓPEZ LEVA DOUS ANOS SEN FACER NADA DE NADA"

PÁXINA 3 >

Xosé Magariños, portavoz municipal do BNG da Estrada, analiza para TES QUE SABELO! os dous anos de mandato do PP, así como o papel desenvolvido pola organización nacionalista na oposición.



ANA PONTÓN FALARÁ NA ESTRADA O MÉRCORES 31 DE MAIO

A portavoz nacional do BNG explicará nun acto público no Teatro Principal, ás 20,30 h. o modelo de financiamento que propón o BNG para Galiza.

AMPLIAR A ALAMEDA NON É UNHA PRIORIDADE

NO BNG APOSTAMOS POR ESPALLAR POR TODO O CASCO AS ZONAS VERDES E DE LECER, ASÍ COMO OS APARCADOIROS PÚBLICOS

Desde o BNG da Estrada queremos manifestar máis unha vez a nosa oposición a que se amplíe a Alameda dilapidando cartos do erario público municipal. Desde o noso punto de vista a ampliación da Alameda tal e como prevé o Partido Popular é un despilfarro e unha hipoteca inasumíbel para o concello, xa que só a compra dos terreos ten un custe de 1.750.000 €.

No canto disto, o BNG considera moito máis útil para os veciños e veciñas da Estrada, e por suposto, máis económico, dotar o casco urbano con distintas zonas verdes, e mellorar a calidade urbana da vila, no canto de se centrar nunha soa e puntual actuación. Ao mesmo tempo, estas zonas verdes repartidas pola vila levarían aparelladas aparcadoiros públicos, o que facilitaría o aparcamento de vehículos en superficie; dando resposta tanto á cidadanía que reside na vila coma ao comercio e ás necesidades de aparcadoiro que require o carácter administrativo e comercial da Estrada como cabeceira de comarca.

"A AMPLIACIÓN DA ALAMEDA TAL E COMO PREVÉ O PARTIDO POPULAR É UN DESPILFARRO E UNHA HIPOTECA INASUMÍBEL PARA O CONCELLO."



Ampliar a Alameda co elevado custe que fai necesaria a convocatoria dunha consulta popular. Instamos ao alcalde a convocala para que os veciños e veciñas da Estrada poidan elixir entre o proxecto do PP para ampliar a Alameda, que aínda hoxe en concreto non se sabe moi ben en que consiste, ou a do BNG de espallar polo casco urbano as zonas verdes e os aparcadoiros públicos asociados, un deseño, desde logo, moito máis racional e útil para todos e todas. En todo caso, os veciños e veciñas teñen o dereito a decidir se queren ampliar ou non a Alameda tendo en conta o elevado custe que iso suporía para o erario público.

O RURAL TAMÉN QUERE SERVIZOS

O rural da Estrada necesita políticas que dinamicen os sectores agrario e forestal. Crear canles de comercialización, potenciar a praza de abastos ou poñer en valor o noso monte serán claves que favorecerán a recuperación destes sectores estratéxicos para o noso concello, ao tempo que favorecerán o asentamento de poboación. Para conseguir este último obxectivo no BNG apostamos, en primeiro lugar, por mudar as políticas urbanísticas para eliminar as restricións que teñen os veciños e veciñas do rural para poder construír. Sen vivendas non se poderá incrementar a poboación.

En segundo lugar, o rural necesita servizos. O rural da Estrada necesita saneamento, recollida do lixo selectiva, fibra óptica, transporte público, ... que permita aos veciños e veciñas vivir dignamente e en pé de igualdade coas persoas que viven na vila.

O PORTAVOZ MUNICIPAL DO BNG ANALIZA OS DOUS ANOS DE MANDATO DO PP E A OPOSICIÓN DO BNG

XOSÉ MAGARIÑOS: "LÓPEZ LEVA DOUS ANOS SEN FACER NADA DE NADA"

Van alá dous anos desde as eleccións municipais de 2015, que opinión che merecen estes anos de goberno do PP?

López leva dous anos sen facer nada. É a nosa opinión, que coincide coa percepción social que hai no noso concello. Se repasamos as inauguracións e os proxectos presentados nos últimos meses o resultado é igual a cero. O PP leva dous anos xestionando o día a día e aínda iso faino mal tarde e arrastras: os cortes de auga na vila son constantes, hai rúas e pasos de peóns sen pintar, custoulle ano e medio arranxar as fochancas dos aparcadoiros públicos, os problemas da EDAR, a recollida do lixo do rural, ... Resumindo, o PP non fixo nada, e o que é peor, freou case todas as alternativas que puxo o BNG enriba da mesa para transformar o noso concello e as que aprobou foi incapaz de poñelas en marcha.

E a respecto do papel do BNG na oposición ao longo destes 24 meses de mandato?

Coido que fomos contundentes na crítica ao goberno municipal do PP, poñendo en evidencia as súas carencias, a súa incapacidade para sacar A Estrada da parálise socio-económica na que estamos inmersos, a súa falta de proxecto e a improvisación como normal na xestión municipal - aí está por exemplo o caótico cambio de sentido das rúas. É dicir, fomos como a pedriña que se che mete no zapato, molestos para o goberno, sempre contundentes e claros na crítica ao goberno, que é o que se agarda dunha organización como a nosa. Mais, sen embargo, tamén fomos construtivos, presentando proxectos e alternativas para visualizar que o BNG ten un proxecto alternativo ao do PP para crear emprego e potenciar os nosos principais sectores produtivos.



"O BNG É PARA O PP COMO A PEDRIÑA QUE SE CHE METE NO ZAPATO, MOLESTO PARA O GOBERNO, PERO CONSTRUTIVO POÑENDO ALTERNATIVAS ENRIBA DA MESA"

Desas alternativas das que falas, cales consideras que son as máis importantes?

Un dos principais problemas que ten A Estrada é a falta de modelo urbanístico, nin hai deseño nin hai liderado por parte do goberno municipal. No PP optan por deixar que sexan outros, intereses privados, os que deseñen A Estrada do futuro -aí está por exemplo o proxecto de Mercadona. No BNG pensamos que ten que ser o concello o que ten que deseñar A Estrada con aparcadoiros públicos e gratuítos en superficie, zonas verdes e de lecer por todo o casco, abrir novas rúas, etc. Tamén apostamos pola industria ampliando o polígono industrial de Toedo e poñendo en marcha a Cidade do Moble. E non quero esquecerme do rural e os nosos sectores produtivos. O rural ten que ter servizos como a vila, pero sen canles de comercialización dos produtos agro-gandeiros (dinamización da Praza de Abastos), sen apoio ao sector, sen unha política forestal que poña en valor o noso monte, non haberá futuro para o noso medio rural.

OS ORZAMENTOS DE 2017 DO PP ESTÁN NAS ANTÍPODAS DO QUE NECESITA O NOSO CONCELLO E DO QUE PROPÓN O BNG

O INCREMENTO DO GASTO CORRENTE CONTINÚA IMPARÁBEL O QUE HIPOTECA O CONCELLO E IMPOSIBILÍTAO PARA FACER OS INVESTIMENTOS QUE NECESITA

O proxecto de Orzamentos do concello da Estrada elaborado polo goberno do PP é continuista, única verdade que se desprende da memoria da alcaldía que acompaña aos orzamentos.

Segundo indica tamén na memoria da alcaldía, estes orzamentos caracterízanse “sobre todo pola contención gasto”. Nada máis lonxe da realidade, non hai máis que botar unha ollada aos ingresos e gastos para ver, un ano máis, como o gasto corrente segue unha liña alcista, moi por enriba dos ingresos, o que impide ao concello facer os investimentos que necesita A Estrada. Neste sentido non deixa de ser sintomática a baixada en case 100.000 € dos investimentos previstos para o rural.

Fronte á parálise e á falta de ideas do PP para o desenvolvemento socio-económico do noso concello, o BNG ten alternativas, que, se ben, non se poderían acometer nun só ano, pero si permitirían dinamizar a economía do concello con actuacións como as que se indican a continuación:

- Apertura da rúa entre As Colonias e 25 de Xullo.
- Compra de terreos para aparcadoiros públicos e gratuítos en superficie.
- Compra de terreos para ampliación do polígono industrial de Toedo.
- Adicar o 75% do persoal contratado nos plans de emprego á limpeza do monte, desenvolvendo convenios con propietarios, distribuindo o monte do concello en zonas ou parroquias. Eses convenios estarían condicionados a que unha porcentaxe significativa de propietarios (75%) aceptase a actuación. Financiaríanse estes traballos co establecemento dunha cota anual por conta do propietario en función da súa superficie.
- Posta en marcha do matadoiro municipal.

- Dinamización da praza de abastos como referente de comercialización dos produtos agrarios locais.
- Estudo sobre a necesidade de vivenda, número, situación e categorías das vivendas baleiras, cara a creación dun parque público de vivendas de alugueiro con prezos adecuados aos ingresos dos usuarios.
- Plan de axuste no gasto: estudo de custe dos servizos e auditoría da xestión dos mesmos. Establecer un sistema fiscal progresivo para o pago dos servizos, establecendo un coeficiente de progresividade en función dos ingresos de cada usuario.
- Municipalización da EDAR de Aguións. Actuacións en sumidoiros e saneamento do rural.

COMO FINANCIARÍAMOS ESTAS ACTUACIÓNS:

É evidente que todas estas actuacións necesitan o seu financiamento, que saírían basicamente do aforro da carga financeira, dos fondos FEDER e EDUSI, así como do Plan Concellos da Deputación, remanentes e baixas de obras, que a propia memoria dos orzamentos estima en 3.500.000 €.

Por outra parte, tamén se acometería unha estrita revisión dos gastos do orzamento, eliminando todas as partidas que ao noso entender non son necesarias. Así por exemplo, eliminaríamos o asesor xurídico (A Estrada conta con unha secretaria do concello), eliminaríanse os estudos e traballos técnicos (o traballo recaería nos cinco arquitectos cos que conta o concello), tamén se eliminaría as partidas de “estratexia e desenvolvemento urbano sostíbel”, así como a de proxectos técnicos e humanización de rúas. Esta revisión de custes permitiría un aforro de 453.000 €.